



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Pablo Iglesias s/n (32004 Ourense)

tlf. 988391047- fax 988391971

cmus.ourense@edu.xunta.es

www.conservatoriourense.org

Estimadas familias,

Agardamos continúen ben todos e todas xunto coas súas familias.


Dada a situación de incertidume que nos ven embargando nestes últimos meses e achegándose o fin de curso sen ter aínda os conservatorios de música e danza de Galicia as instrucións específicas ao respecto, dende a Dirección do conservatorio queremos trasladar a seguinte información:

1. Aínda que foron publicadas as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, actualmente a Consellería está traballando na elaboración dunha instrución específica.
2. Nesta instrución específica está previsto que se concreten as datas para a realización das probas de acceso ao 1º curso de Grao Elemental e ao 1º curso de Grao Profesional, así como as indicacións específicas para a concesión dos Premios Fin de Grado que poidan outorgarse neste centro.
3. Nunha reunión mantida a través de videoconferencia trasladouse aos directores dos conservatorios que **se as autoridades competentes o permiten, as probas poderemos realizalas entre final de xuño e principios de xullo.**
4. De poder realizarse, desenvolveríanse nunhas condicións específicas que determinará a propia Consellería para esta convocatoria excepcional e na que os centros organizaríamos os accesos coa debida garantía e protección aos aspirantes e profesorado.
5. Pregamos a maior tranquilidade posible nestes momentos, agardar con paciencia as instrucións correspondentes e ante calquera dúbida contactar directamente co Equipo Directivo do centro.

Un afectuoso saúdo.

Ourense, 2 de maio de 2020

A Directora,


Purificación Iglesias